

Memoria de movilidad

2018-19



A mobilidade na Escola Técnica Superior de Arquitectura durante o curso 2018-19, encádrase dentro do grao en Arquitectura (Boloña 1: para os cursos terceiro a quinto) e grao en Estudos de Arquitectura (Boloña 2: para os cursos primeiro a quinto).

Os requisitos de mobilidade vixentes en canto a restricións, convalidacións, etc. están recollidos no Regulamento vixente da ETSAC durante o curso 2018-19 que foi aprobado en comisión docente de 18 de xullo de 2017

http://etsa.udc.es/web/wp-content/uploads/2018/04/2017.07.18_ET SAC_requisitos-mobilidade.pdf

O coordinador académico internacional da ETSAC é o subdirector da escola para asuntos internacionais, Evaristo Zas Gómez.

Existe un horario específico de atención ao público, catro horas semanais, no despacho de subdirección da ETSAC, andar 0.

Ademáis desta atención personalizada o coordinador atende unha media de 16 correos diarios no enderezo electrónico erasmus.etsa@udc.es

Toda a información relativa a convocatorias, bolsas e avisos sobre mobilidade foi puntualmente colgada da web da ETSAC

<http://etsa.udc.es/web/>

que automaticamente se visualiza tamén no facebook da Escola cunha comunidade de 1756 persoas que a siguen (2019.02.05)

<https://es-es.facebook.com/etsac.udc>

Mobilidade internacional

A mobilidade internacional abrangue a Erasmus e a Bilateral nas súas dúas modalidades entrante (incoming) e saínte (outgoing); así mesmo, as estadias académicas poden ser de carácter docente ou ben de prácticas.

O número de estudantes incoming durante o curso 2018-19 foi de 89: 47 alumnos erasmus e 42 alumnos bilaterais o que implica unha suba con respecto ás cifras do curso precedente, o 2017-18 no que se recibiron 73 alumnos nas dúas mobilidades. Estamos a considerar só os alumnos que teñen a súa docencia

maioritaria na ETSAC. Hai máis estudantes incoming na UDC con materias soltas na nosa escola e que non son computados.

A procedencia dos nosos 89 alumnos incoming é moi variada sendo os máis numerosos os mexicanos e os italianos: Alemaña (3), Armenia (2), Arxentina (6), Brasil (13), Francia (8), Hungría (1), Italia (16), México (20), Polonia (6), Romanía (2), Turquía (7), Uruguai (3) e Xapón (1).

Organízanse dous eventos de benvida, un por semestre, dirixidos aos novos incoming de cara a darlles a información máis esencial do centro e a titulación.

<http://etsa.udc.es/web/?p=26310>

<http://etsa.udc.es/web/?p=26940>

O número de estudantes outgoing (internacionais e a nivel estatal) elévase a 57, cifras moi similares ao curso anterior 59 no 2017-18, marcando un lixeiro descenso que, sen dúbida, acompaña ao descenso de alumnos totais e de primeiro curso na ETSAC dos últimos anos. Pormenorizando: 32 alumnos con destino erasmus, 10 bilaterais e 15 SICUE.

O destino dos nosos 42 alumnos outgoing con destino internacional, aos que habería que engadir 15 SICUE, é tamén moi variado sendo os máis numerosos Polonia e Italia: Arxentina (3), Bélxica (1), Chile (1), Chipre (1), Eslovenia (1), España (15), Hungría (2), Italia (10), México (4), Polonia (13), Portugal (2), Romanía (2) e Uruguai (2). A UDC segue a suprimir Turquía, un ano máis e por razóns de seguridade, como destino erasmus. A existencia de probas de idiomas para todos os destinos ven de mudar tendencias de convocatorias anteriores.

O coordinador organiza reunións explicativas para os futuros outgoing previa e posteriormente á adxudicación para aclarar todos os temas relativos á mobilidade saínte.

<http://etsa.udc.es/web/?p=25726>

As prácticas saíntes en mobilidade diminuíron con respecto ao curso precedente pasando de 8 en 2017-18 a 6 prácticas no curso 2018-19: Dinamarca (2), Francia (1), Holanda (1) e Reino Unido (2).

Non houbo prácticas entrantes neste curso, seguindo a tónica de cursos anteriores.

ETSAC in English

Este programa ten un duplo obxectivo formar en inglés aos nosos futuros profesionais que teñen en mente unha carreira con proxección internacional e acoller nesa lingua a numerosos alumnos de intercambio que non poideramos ter captado sen a súa implementación. O incremento no número de alumnos incoming que non falan español experimentado nos últimos cursos débese en gran parte a este programa.

ETSAC in English, neste o seu quinto curso, oferta máis do 50 % dos créditos totais do grao en inglés: primeiro a quinto do Grao de Estudos de Arquitectura.

<http://etsa.udc.es/web/?p=25953>

Peer guide programme

O programa de mentorización da UDC: peer guide programme dirixido a titorar a alumnos incoming con necesidades lingüísticas para unha mellor adaptación que se lanzou pola ORI no curso 2017-18 non tivo continuidade no curso 2018-19.

Mobilidade SICUE

A mobilidade saínte dentro de España alcanzou a cifra de 15 alumnos (un menos que no curso precedente) e tivo como destino: Alcalá(2), Alicante (2), Granada (2), Las Palmas (1), Madrid (2), Málaga (1), Reus (1), Sevilla (1), Valencia (2), Vallés (1).

A mobilidade SICUE entrante na ETSAC segue a ser reducida con respecto á saínte e coincidente en cifras co curso anterior. Só 4 alumnos de escolas españolas cursaron estudos na nosa segundo esta modalidade: Granada (1), Vallés (1) e Valladolid (2).

Mobilidade de profesorado

A mobilidade de profesorado internacional ten nas bolsas erasmus STA e STT a súa fonte máis frecuente de financiación.

O número de profesores incoming foi de 9, aumentando a cifra do curso precedente que ascendeu a 5: Hungría (1), Letonia (4), Moldavia (2), Portugal (1) e Romanía (1).

<http://etsa.udc.es/web/?p=26398>

<http://etsa.udc.es/web/?p=27381>

O número de profesores outgoing alcanza a cifra de 7 e coincide coa do curso pasado.

As axudas para a internacionalización da UDC tamén favoreceron a mobilidade do profesorado ETSAC. Estas axudas son tamén as habituais para o financiamento dos intercambios de profesorado ETSAC en China (2) e Armenia (2).

Outros intercambios internacionais

A actividade no eido dos intercambios internacionais da ETSAC sigue a contar cos seus tres piares tradicionais: o Iacobus, o Joint con China e o convenio con Armenia.

O Iacobus entre as escolas de arquitectura de Clermont-Ferrand (Francia), Regensburg (Alemaña) e a ETSAC é a nosa iniciativa internacional máis lonxeva, chegando neste curso á súa vixéima cuarta edición.

<http://etsa.udc.es/web/?p=27227>

O Joint Graduate Design Project entre o HIT, Harbin Institute of Technology e o IMUT, Inner Mongolia University of Technology celebrou xa a súa sexta edición en 2018-19.

<http://etsa.udc.es/web/?p=27153>
<http://etsa.udc.es/web/?p=27596>

O convenio con Armenia é o máis recente das tres iniciativas internacionais mencionadas e continúa a súa andaina, agora vencellado tamén ao programa Iacobus.

<http://etsa.udc.es/web/?p=27425>

O proxecto de cooperación Kaya Clínica, levado a cabo en cursos precedentes en Mozambique en colaboración cunha universidade local, é liderado polo profesor da ETSAC Plácido Lizancos e constitúe tamén un fito esencial na mobilidade internacional para a nosa escola.

<http://etsa.udc.es/web/?p=26566>

A Coruña, 07 de xaneiro de 2020

Asdo.
Evaristo Zas Gómez
Subdirector e coordinador académico de mobilidade da ETSAC